

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA
CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Filoloxía e Lingüística

Montserrat Ribas Bisbal



2020
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

FILOLOXÍA E LINGÜÍSTICA
Montserrat Ribas Bisbal

2020
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Colección impulsada polo Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero
da Xarxa Vives d'Universitats

Elena VILLATORO BOAN, presidenta da Comisión de Igualdade e Conciliación de Vida Laboral e Familiar, Universidade Abat Oliba CEU • **M^a José RODRÍGUEZ JAUME**, vicerreitora de Responsabilidade Social, Inclusión e Igualdade, Universidade de Alacante • **Cristina YÁÑEZ DE ALDECOA**, coordinadora da Reitoría en Internacionalización e Relacións institucionais, Universidade de Andorra • **Joana GALLEGRO AYALA**, directora do Observatorio para a igualdade, Universidade Autónoma de Barcelona • **M. Pilar RIVAS VALLEJO**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Barcelona • **Ruth María ABRIL STOFFELS**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade CEU Cardeal Herrera • **Ana M. PLA BOIX**, delegada do reitor para a Igualdade de Xénero, Universidade de Xirona • **Esperança BOSCH FIOL**, directora e coordinadora da Oficina para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Universidade das Illas Baleares • **Consuelo LEÓN LLORENTE**, directora do Observatorio de Políticas Familiares, Universidade Internacional de Cataluña • **Mercedes ALCANIZ MOSCARDÓ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Jaume I • **Anna ROMERO BURILLO**, directora do Centro Dolors Piera de Igualdade de Oportunidades e Promoción das Mulleres, Universidade de Lleida • **María José ALARCÓN GARCÍA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Miguel Hernández de Elche • **María OLIVELLA QUINTANA**, directora do Grupo de Igualdade de Xénero, Universidade Aberta de Cataluña • **Dominique SISTACH**, responsable da Comisión de Igualdade de Oportunidades, Universidade de Perpignan Via Domitia • **Sílvia GÓMEZ CASTÁN**, técnica de Igualdade do Gabinete de Innovación e Comunidade, Universidade Politécnica de Cataluña • **M. Rosa CERDÀ HERNÁNDEZ**, responsable da Unidade de Igualdade, Universidade Politécnica de Valencia • **Tània VERGE MESTRE**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Pompeu Fabra • **Maite SALA RODRÍGUEZ**, técnica de relacións internacionais e estudantes, Universidade Ramon Llull • **Inma PASTOR GOSÁLVEZ**, directora do Observatorio da Igualdade, Universidade Rovira i Virgili • **Amparo MANÉS BARBÉ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Valencia • **Anna PÉREZ I QUINTANA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Vic - Universidade Central de Cataluña

Edición promovida pola Xarxa Vives d'Universitats en colaboración coas Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela

© Xarxa Vives d'Universitats, 2018, da edición orixinal
© Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela,
Universidade de Vigo, 2020, desta edición

Tradución

Milena Vázquez Fernández

Deseño e maquetación

José María Gairí

Edición técnica

Servizo de Publicacións

Universidade de Santiago de Compostela

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

usc.gal/publicacions

Edición dixital en acceso aberto



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

•• ÍNDICE

Presentación	5
Artes e Humanidades.....	6
Ciencias Sociais e Xurídicas.....	7
Ciencias.....	7
Ciencias da Vida.....	7
Enxeñarías.....	7
01. Introducción	8
02. Implicacións da cegueira de xénero	9
03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia	11
04. BOAS PRÁCTICAS	14
Caso 1.....	14
OBXECTIVOS.....	14
PRESENTACIÓN DO CASO.....	15
PROPOSTA DE TRABALLO.....	16
RESULTADOS DE APRENDIZAXE.....	16
Caso 2.....	16
OBXECTIVOS.....	16
PRESENTACIÓN DO CASO.....	16
PROPOSTA DE TRABALLO.....	17
RESULTADOS DE APRENDIZAXE.....	17
Caso 3.....	18
OBXECTIVOS.....	18
PRESENTACIÓN DO CASO.....	18
PROPOSTA DE TRABALLO.....	19
RESULTADOS DE APRENDIZAXE.....	20

05. Recursos docentes	21
Perspectiva lingüística	21
PERSPECTIVA DISCURSIVA E EDUCATIVA	21
MATERIAIS AUDIOVISUAIS	22
06. Ensinar a facer buscas sensibles ao xénero	23
07. Ferramentas de consulta	26
Ligazóns a guías docentes de materias relacionadas con «xénero» e «linguaxe»	26
Glosario	27
08. Para afondar	31

•• Presentación

Que é a perspectiva de xénero e que relevancia ten na docencia dos programas de grao e de posgrao? Aplicada ao ámbito universitario, a transversalización de xénero ou *Gender mainstreaming* é unha política integral para promover a igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, todos eles ámbitos afectados por diferentes nesgos de xénero. Como estratexia transversal, implica que todas as políticas teñan en conta as características, as necesidades e os intereses tanto de mulleres como de homes, distinguindo os aspectos biolóxicos (sexo) das representacións sociais (normas, roles, estereotipos) que se constrúen cultural e historicamente da feminidade e da masculinidade (xénero) a partir da diferenza sexual.

A Xarxa Vives de Universidades (XVU) promove a cohesión da comunidade universitaria e reforza a proxección e o impacto da universidade na sociedade impulsando a definición de estratexias comúns, especialmente no ámbito de acción da perspectiva de xénero. É oportuno lembrar que as políticas que non teñen en conta estes roles diferentes e estas necesidades diversas e, por tanto, son cegas ao xénero, non axudan a transformar a estrutura desigual das relacións de xénero. Isto tamén é aplicable á docencia universitaria, a través da cal ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e intervir no futuro desde o exercicio profesional, proporcionamos fontes de referencia e autoridade académica e buscamos fomentar o espírito crítico.

Unha transferencia de coñecemento nas aulas sensible ao sexo e ao xénero comporta diferentes beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado. Dunha parte, se se afonda na comprensión das necesidades e os comportamentos do conxunto da poboación, evítanse as interpretacións parciais ou nesgadas, tanto a nivel teórico como empírico, que se producen cando se parte do home como referente universal ou non se ten en conta a diversidade do suxeito mulleres e do suxeito homes. Deste xeito, incorporar a perspectiva de xénero mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, das tecnoloxías e das innovacións (re)producidas.

Da outra, fornecer ao alumnado novas ferramentas para identificar os estereotipos, normas e roles sociais de xénero contribúe a desenvolver o seu espírito crítico e a que adquira competencias que lle permitan evitar a cegueira de xénero na súa práctica profesional futura. Así mesmo, a perspectiva de xénero permítelle ao profesorado prestar atención ás dinámicas de xénero que teñen lugar na contorna de aprendizaxe e adoptar medidas que aseguren que se atende á diversidade do estudantado.

O documento que tes nas túas mans é froito do plan de traballo bianual 2016/17 do Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero da XVU, centrado na perspectiva de xénero, na docencia e na investigación universitaria. Nunha primeira fase, o informe *La perspectiva de gènere en docència i recerca a les Universitats de la Xarxa Vives: Situació actual i reptes de futur* (2017), coordinado por Tània Verge Mestre (Universidade Pompeu Fabra) e Teresa Cabruja Ubach (Universidade de Xirona), constatou que a incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria seguía sendo un reto pendente, a pesar do marco normativo vixente nos contextos europeo, estatal e dos territorios da XVU.

Un dos principais retos identificados neste informe para superar a falta de sensibilidade ao xénero dos currículos dos programas de grao e de posgrao era a necesidade de formar o profesorado nesta competencia. Nesta liña, apuntábase a necesidade de contar con recursos docentes que axuden ao profesorado a facer unha docencia sensible ao xénero. Así, nunha segunda fase, elaborouse o recurso *Guies per a una docència universitària amb perspectiva de gènere*, baixo a coordinación de Teresa Cabruja Ubach, M.^a José Rodríguez Jaume (Universidade de Alacante) e Tània Verge Mestre. Elaboráronse en conxunto once guías, entre unha e catro por ámbito de coñecemento, que foron encargadas a profesoras expertas na aplicación da perspectiva de xénero na súa disciplina de diferentes universidades:

Artes e Humanidades

Historia: Mónica Moreno Seco (Universidade de Alacante)

Historia da Arte: Maria Lluïsa Faxedas Brujats (Universidade de Xirona)

Filoloxía e Lingüística: Montserrat Ribas Bisbal (Universidade Pompeu Fabra)

Filosofía: Sonia Reverter-Bañón (Universidade Jaume I)

Ciencias Sociais e Xurídicas

Dereito e Criminoloxía: María Concepción Torres Díaz (Universidade de Alacante)

Socioloxía, Economía e Ciencia Política: Rosa Maria Ortiz Monera e Anna Maria Morero Beltrán (Universidade de Barcelona)

Educación e Pedagogía: Montserrat Rifà Valls (Universidade Autónoma de Barcelona)

Ciencias

Física: Encina Calvo Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela)

Ciencias da Vida

Medicina: María Teresa Ruiz Cantero (Universidade de Alacante)

Psicoloxía: Esperanza Bosch Fiol e Salud Mantero Heredia (Universidade das Illas Baleares)

Enxeñarías

Ciencias da Computación: Paloma Moreda Pozo (Universidade de Alacante)

Aprender a incorporar a perspectiva de xénero nas materias impartidas non implica máis que unha reflexión sobre os diferentes elementos que configuran o proceso de ensino-aprendizaxe, partindo do sexo e do xénero como variables analíticas clave. Para poder revisar as vosas materias desde esta perspectiva, nas *Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero* atoparedes recomendacións e indicacións que cobren todos estes elementos: obxectivos, resultados de aprendizaxe, contidos, exemplos e linguaxe utilizados, fontes seleccionadas, métodos docentes e de avaliación e xestión da contorna de aprendizaxe. Despois de todo, incorporar o principio de igualdade de xénero non é só unha cuestión de xustiza social, senón de calidade da docencia.

Teresa Cabruja Ubach, María José Rodríguez Jaume e Tània Verge Mestre

Coordinadoras

•• 01. Introducción

Montserrat Ribas Bisbal, profesora da Universidade Pompeu Fabra, recolle nesta guía un amplo abano de recomendacións para introducir a perspectiva de xénero na docencia da filoloxía e a lingüística. A través da docencia ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e as relacións sociais, alén de lle proporcionar fontes de referencia e autoridade académica, así como tamén perseguimos poñer en práctica a participación e o espírito crítico. Como se pon de manifesto nesta guía, sen unha reflexión sobre os nesgos de xénero que poden estar presentes no exercicio da nosa docencia, o profesorado pode contribuír a reforzar e perpetuar a desigualdade de xénero.

Por este motivo, comézase cunha discusión dos aspectos que marcan a **cegueira de xénero** das disciplinas traballadas na guía e as súas implicacións (segundo apartado).

A este respecto, sinálase como as devanditas disciplinas tenderon a desvincular a lingua da vida social dos falantes, malia a lingua non é allea ás representacións do mundo que prevalecen na sociedade.

A seguir a guía desenvolve diferentes ferramentas para axudar ao profesorado a realizar unha docencia sensible ao xénero. Así, por un lado, ofrécense **propostas xerais** para incorporar a perspectiva de xénero na docencia (terceiro apartado). Para iso, problematízase e salientase o papel que xoga o xénero na lingua, amais de se presentar propostas concretas para introducir a perspectiva de xénero na docencia das materias tratadas. Polo outro, ofrécense unha serie de **boas prácticas** que comprenden contidos e resultados de aprendizaxe na filoloxía e a lingüística (cuarto apartado).

A guía inclúe, de igual maneira, diferentes **recursos docentes** (quinto apartado) e proporciona indicacións sobre como o profesorado pode axudar ao alumnado a incorporar a **perspectiva de xénero na investigación**, especialmente nos traballos de fin de grao (TFG) ou de fin de máster (TFM) (sexto apartado). Así mesmo, recóllense diferentes **ferramentas de consulta**, como páxinas webs, un glosario de conceptos e ligazóns a guías docentes, que poden servir de exemplo (sétimo apartado), e preséntanse algunhas referencias bibliográficas **para afondar** no proceso de reflexión sobre como impartir unha docencia sensible ao xénero (oitavo apartado).

•• 02. Implicacións da cegueira de xénero

No ámbito da filoloxía e da lingüística o xénero traballouse case unicamente desde unha perspectiva gramatical. É dicir, como unha «forma» mediante a cal se expresa a condición de masculino ou feminino que se atribúe ás unidades léxicas e as súas posibles combinacións. Esta posición parte do postulado de que as relacións entre o código (sistema lingüístico) e o que o código representa son arbitrarias. Reducir o concepto de «xénero» a esta formulación equivale a desvincular a lingua da vida social dos/as falantes e a considerala un sistema de signos abstracto que non se ve afectado polas formas de organización sociocultural das comunidades humanas. Non resulta, por tanto, estraño que estas formulacións xerases posicionamentos críticos. A partir dos anos setenta, o activismo feminista ten feito observar que a lingua non é allea ás representacións do mundo que propón o pensamento dominado e que, daquela, reproduce os esquemas androcéntricos, sexistas e patriarcais que articulan a orde social.

Entender as linguas como sistemas de signos e regras que non manteñen ningunha correspondencia cos sistemas de organización social fai que quen se encargou de confeccionar gramáticas e dicionarios non considerase, até agora, a conveniencia de cuestionar regras e significados que ignoran, invisibilizan ou desprezan as mulleres e outras identidades subalternas. Por esta razón, malia a prolífica investigación levada a cabo neste ámbito, maioritariamente por parte de mulleres investigadoras, a perspectiva de xénero segue a ser case sempre ignorada. E o mesmo sucede na docencia, onde o feito de que o profesorado sexa maioritariamente feminino non semella que teña incidencia na introdución de propostas de usos lingüísticos máis igualitarios.

Cómpre salientarmos, así a todo, que o interese dalgúns colectivos vinculados aos estudos feministas para cambiar esta situación discriminatoria puxo de manifesto como moitas das entradas dos dicionarios normativos (como os da Real Academia Española ou o Instituto de Estudos Cataláns) reproducían significados sexistas, androcéntricos e patriarcais, e premeu

para que se fixesen revisións e actualizacións. Actualmente, dicionarios como os mencionados foron revisados canto á perspectiva de xénero, o que non equivale a que se borrarán completamente estes trazos das súas entradas (Lledó, 1998, 1999, 2005).

Tamén foron estes colectivos os que se mostraron partidarios de introducir cambios gramaticais para evitar construcións que invisibilizan outras expresións do xénero (por exemplo, o uso indiscriminado do masculino xenérico). Quizais o subámbito en que se realizaron máis investigacións sobre a variable de xénero na linguaxe foi o da análise do discurso e da comunicación. Robin Lakoff, nos anos setenta, observaba que homes e mulleres falan de maneira diferente: mentres os homes se comunicaban de maneira máis asertiva, as mulleres expresábanse de xeito máis inseguro (Lakoff, 1975). Máis adiante, os trazos que se interpretaran como «inseguridade» foron xulgados como mostra de «cortesía» ou como maneiras máis «empáticas» de falar (Coates 1988, 1996; Holmes, 1995) e, progresivamente, este debate foi dando lugar a posicionamentos e controversias que, xa sexa no ámbito da docencia ou no da investigación, son dificilmente eludibles.

•• 03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia

A lingua é o sistema simbólico que nos permite acceder ao mundo e, por conseguinte, é o instrumento transversal mediante o que se constrúe o contido das distintas disciplinas. A lingua é, certamente, o espazo da «representación», mais tamén o espazo da «interacción». É dicir, o lugar onde se fan posibles a comunicación e a sociabilidade humanas. Desde unha perspectiva de xénero, propónse, pois, prestar atención aos seguintes aspectos:

a) A normativa lingüística

O concepto de xénero non se pode reducir só a unha forma gramatical, sobre todo cando se refire a seres sexuados, pois remite necesariamente a algo externo á lingua. As regras gramaticais que regulan a construción normativa do xénero nunha lingua non emerxeron da nada, senón que son a expresión dun pensamento normativo (por tanto, androcéntrico e patriarcal) que articula e sostén a orde social establecida. Actuar sobre a normativa lingüística é, xa que logo, actuar sobre a construción e reprodución dunha maneira de entender o mundo para tratar de transformala. Propoñer, como fan grupos políticos como a CUP, utilizar o feminino como forma xenérica en lugar do masculino é apostar por unha reparación das desigualdades de xénero que o sistema continúa a reproducir.

b) As interaccións sociais

Os seres humanos necesitamos interaccionar socialmente. Hai interaccións máis espontáneas, como as conversas coloquiais, e outras máis reguladas, como as interaccións institucionais. En todas, con todo, parece ser que mulleres e homes actuamos a partir de padróns culturalmente interiorizados. Se observamos estas interaccións polo miúdo, tanto as que son máis espontáneas como as que o son menos, ou non o son, dámonos conta de que reproducen xerarquías de xénero. Hai que prestar, pois, atención aos seguintes aspectos: que roles se asignan as persoas participantes (lide-

rado, experiencia, apoio etc.) nunha conversa?; quen ten o capital verbal?; quen introduce os temas?; de que se fala?; que tipo de enunciados son máis recorrentes en cada caso?; como se producen as transicións entre as quen-das de palabra?; como se xesticula?; que espazo ocupa cada participante?; como se expresa a cortesía? etc.

Se intentamos responder estas preguntas fixándonos nas interaccións que observamos na nosa contorna, xa sexa familiar, social, laboral ou institucional, decatáronos de que mulleres e homes non nos expresamos da mesma maneira nin ocupamos as mesmas posicións. E, obviamente, non recibimos as mesmas valoracións.

c) A construción dos relatos sociais

Os grupos humanos valémonos da estrutura narrativa para lle dar sentido ao mundo que nos rodea. A narración (o relato) é a forma básica mediante a cal os individuos e os colectivos explican os acontecementos que lles toca vivir. Abonda con observar como os medios de comunicación presentan as noticias para darnos conta de que a forma en que seleccionan e caracterizan os/as protagonistas, e organizan o relato, ten unha forte incidencia cognitiva. Desde unha perspectiva de xénero, é interesante observar: cantas noticias, sexan da prensa ou dos informativos da radio e a televisión, están protagonizadas por mulleres?; con que temas se relacionan?; aparecen como suxeitos activos ou pasivos?; se son suxeitos activos, que tipo de accións fan?; como son valoradas estas accións? etc.

Probablemente, esta observación fará que reparemos en que, de novo, se reproducen os padróns culturais de sempre e as mulleres aparecen como unha alteridade subalterna (Spivak, 1994). Tamén convén decatarse de que non son só os relatos dos medios os que reproducen estes padróns, e fixarse en como aparecen representadas as mulleres nos relatos culturais, docentes, científicos, políticos, deportivos, publicitarios etc.

No tocante ás pedagogías mediante as que tentamos traballar contidos e habilidades lingüísticas e comunicativas desde unha perspectiva de xénero, propoñemos:

- a) Reflexionar sobre o funcionamento do grupo. O grupo é un sistema que afecta ás persoas que o conforman e que, á vez, se ve afectado pola súa conduta. Prodúcese unha influencia recíproca. Observar cales son as representacións, os valores e as crenzas sobre as identidades de xénero dominantes no grupo, así como as prácticas interaccionais que se derivan deles, permítenos tomar conciencia de cales son as posicións dominantes e que reparacións cumpriría formular.
- b) Resignificar as prácticas comunicativas. Ante o trato pexorativo que as habilidades de fala das mulleres recibiron desde o androcentrismo dominante, valoralas e amosar o seu aspecto positivo: máis sociabilidade, máis capacidade para expresar emocións, menos rixidez etc.
- c) Visibilizar as achegas que fixeron as mulleres nos ámbitos da lexicografía, a fraseoloxía popular e o mantemento, en xeral, da cultura. Algúns exemplos: María Moliner na elaboración dun dos dicionarios de máis prestixio da lingua española; Joana Raspall, na elaboración de frases feitas en catalán; ou as bibliotecarias¹, tendo coidado dos libros, é dicir, da palabra escrita etc.
- d) Traballar aspectos gramaticais concretos, como por exemplo as distintas formas en que se podería expresar ou neutralizar o xénero. Actualmente, está a debaterse se o uso da arroba (@) ou do x poden ser solucións, ou hai que valorar outras opcións no marco do activismo lingüístico de xénero.

Co obxectivo de traballar sobre a perspectiva de xénero na investigación e na docencia, creáronse grupos e asociacións como a Rede Transversal de Estudos de Xénero en Ciencias Humanas, Sociais e Xurídicas (GENET)².

¹ A Escola de Bibliotecarias creouse en Barcelona en 1915 para formar o persoal feminino que tiña que traballar na rede de bibliotecas populares que impulsou a Mancomunidade de Cataluña. Foi unha escola feminina até 1982.

² <https://bit.ly/2sdktcP>.

•• 04. BOAS PRÁCTICAS

Unha vez introducimos as ideas principais en relación cos nesgos de xénero e presentamos as principais propostas para incorporar unha perspectiva de xénero, neste apartado concretaremos con maior detalle como podemos integrar estas aprendizaxes na docencia. Presentamos, a través de tres casos, exemplos concretos de obxectivos e contidos docentes, alén de mostrar os resultados de aprendizaxe derivados de se incluír a perspectiva de xénero.

No plan de estudos do grao de Linguas Aplicadas da Universidade Pompeu Fabra non se explicita ningún criterio de igualdade nin se específica ningunha competencia que teña relación. Porén, na materia Lingua e Sociedade introduciuse a perspectiva de xénero. Concretamente, nesta materia optouse por traballar coa metodoloxía do estudo de casos (EC), tamén chamada metodoloxía de aprendizaxe baseada en problemas (ABP), que permite elaborar os contidos e desenvolver as habilidades previstas mediante a resolución de casos reais ou de ficción. A seguir presentamos tres dos casos que traballamos na aula en que se presenta a perspectiva de xénero.

Caso 1

OBXECTIVOS

- a) Reflexionar sobre os padróns comunicativos que mulleres e homes temos interiorizados.
- b) Observar se hai diferenzas estilísticas entre a expresión escrita de homes e mulleres, amais dos efectos psicosociais que se derivan.
- c) Detectar os elementos paraverbais e contextuais que interveñen na valoración das identidades sociais.

PRESENTACIÓN DO CASO

Velaquí segmentos de dous estudos en que se expoñen as características e os efectos psicosociais dos estilos comunicativos de homes e mulleres:

- a) «En concreto, atopamos diferenzas significativas entre os escritos de homes e de mulleres no uso dos pronomes e os substantivos. Aínda que o número total de formas nominais dos textos masculinos e femininos é practicamente idéntico, as mulleres empregan moitos máis pronomes que os homes, que adoitan utilizar máis formas substantivas. En xeral, observamos que, mesmo nos escritos formais, as mulleres teñen máis tendencia a usar fórmulas «involucrativas» e os homes a utilizar fórmulas máis «informativas»³.
- b) «Canto á visibilización de homes e mulleres, observamos que, no Congreso da Sociedade de Evolución Australasiana de 2013, asistiu un número similar de homes e mulleres, e non houbo practicamente diferenza de xénero na distribución das presentacións orais. No entanto, as mulleres que presentaron traballos investiron un 20% menos de tempo que os homes en facelo. A razón desta diferenza é que os homes optaron por presentacións longas e as mulleres, en cambio, por presentacións breves. Esta tendencia contribúe, sen dúbida, a dar máis visibilidade ao que fan os homes no ámbito académico».

Máis adiante tamén se di: «O resultado non é só unha redución da súa visibilidade inmediata [das mulleres], senón que pode ter implicacións significativas en futuras oportunidades de financiamento e o éxito da súa publicación»⁴.

³ Argamon, Shlomo; Koppel, Moshe; Fine, Jonathan e Shimoni, Anat Rachel (2003). *Gender, Genre and Writing Style in Formal Written Texts*. <https://bit.ly/2PBKnQt>.

⁴ JONES, Theresa M.; FANSON, Kerry V.; LANFEAR, Rob; SYMONDS, Matthew R. E. e HIGGIE, Megan (2014). *Gender Differences in Conference Presentations: A Consequence of Self-Selection?* <https://bit.ly/2Mcmfl8>.

PROPOSTA DE TRABALLO

- a) Cres que estas observacións están suficientemente fundamentadas?
- b) Fai unha pequena procura empírica que che permita xustificar a resposta.
- c) Toma unha posición sobre a conveniencia de neutralizar, ou non, as diferenzas expresivas entre homes e mulleres.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

- a) Ser capaz de valorar se hai trazos estilísticos específicos en textos escritos por mulleres e homes.
- b) Ser capaz de describir as diferenzas lingüísticas e comunicativas que se detectan nas presentacións orais e escritas de homes e mulleres.
- c) Ser capaz de identificar os significados que adquiren os elementos paraverbais e contextuais na representación social do xénero.

Caso 2**OBXECTIVOS**

- a) Reflexionar sobre o papel da linguaxe na construción e o mantemento das desigualdades sociais; especialmente, das desigualdades por razón de xénero.
- b) Detectar formas e estruturas lingüísticas que se poden correlacionar con formas de exclusión e de desigualdade.
- c) Aprender a facer propostas de usos lingüísticos non discriminatorios, desde unha perspectiva de xénero.

PRESENTACIÓN DO CASO

Como resultado das propostas que, desde os estudos feministas, se impulsaron sobre os usos lingüísticos, a maior parte dos libros de estilo das insti-

tucións públicas fan recomendacións para un uso non sexista da linguaxe. Moitas delas concréntanse nos seguintes puntos:

Nos documentos e escritos de carácter xeral os recursos que cómpre utilizar para evitar eventuais usos sexistas da linguaxe son basicamente os seguintes: a) o emprego do tratamento de vós; b) a utilización das formas femininas de cargos, títulos e profesións sempre que existan; e c) moi puntualmente, o uso de designacións xenéricas ou colectivas. En cambio, neste tipo de documentos non é recomendable recorrer en ningún caso ao emprego simultáneo das formas masculina e feminina, nin en singular nin moito menos en plural, xa que, á parte de ser totalmente innecesario, converte os textos en pesados e antinaturais. Exemplos:

- a) Centro de Atención ao Usuario (e non Centro de Atención á Persoa Usuaria, nin Centro de Atención ao Usuario e a Usuaria).
- b) A relación entre profesor e alumno (e non entre profesor ou profesora e alumno ou alumna, nin tampouco, naturalmente, entre profesor/a e alumno/a).
- c) Estimados graduados (e non Estimados/as graduados/as nin Estimados graduados/Estimadas graduadas, nin Estimados graduados e graduadas).

PROPOSTA DE TRABALLO

- a) Cres que a linguaxe reproduce unha visión sexista do mundo?
- b) Estás de acordo con estas recomendacións?
- c) Cales cres que poden ser os efectos sociocognitivos de aplicarlas ou non aplicarlas?
- d) Cres que son suficientes estas recomendacións para conseguir unha linguaxe inclusiva e igualitaria?

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

- a) Ser capaz de adoptar unha posición razoada sobre o papel da linguaxe nas representacións que as persoas facemos do mundo.

- b) Ser capaz de describir, mediante razoamentos lingüísticos, as formas e estruturas da linguaxe que conducen e reproducen representacións discriminatorias por razón de xénero.
- c) Ser capaz de facer propostas lingüístico-gramaticais que contribúan a fomentar usos máis igualitarios da linguaxe.

Caso 3

OBXECTIVOS

- a) Reflexionar sobre como pode a tradución contribuír a transformar as visións sexistas, androcéntricas e heteronormativas dominantes na sociedade.
- b) Avaliar os efectos sociocognitivos de casos específicos de tradución.
- c) Propoñer e discutir criterios que permitan seleccionar formas de tradución alternativas ás formas ofensivas, discriminatorias e excluíntes.

PRESENTACIÓN DO CASO

Hai estudos sobre a transmisión de padróns culturais e sexistas na tradución e a dobraxe. Por exemplo, Marcella De Marco (2004) observa⁵:

Desde hai uns anos a tradución audiovisual converteuse nun obxecto de investigación porque se comprobou que a maneira de dobrar e subtítular un filme pode producir un forte impacto nos espectadores, no referente á súa percepción da realidade. O cinema non se limita a reproducir a vida real nunha pantalla, senón que reflicte esta vida e dá a coñecer os valores culturais dunha sociedade determinada. Por tanto, a dobraxe e a subtitulación, que son os medios principais dos cales se serve a cinema-

⁵ DE MARCO, Marcella (2004). «Sexismo en el doblaje y la subtitulación». *El Trujamán* 17/05/2004. <https://bit.ly/2Mjbxcl>.

tografía para difundir as súas mensaxes a outras culturas, acaban sendo os axentes máis importantes á hora de transmitir lugares comúns, puntos de vista e estereotipos sobre asuntos como a clase, a etnia e o xénero.

Descubrimos así que nas palabras e expresións sexistas é onde máis claramente se reflicten estereotipos de xénero e que a representación da muller que se desprende destas expresións é moi similar na cultura norteamericana e na española, a pesar das diferenzas lingüísticas entre os idiomas.

Algunhas das películas que analicei proporcionánnos moitos exemplos ao respecto. En *Armas de mujer*, por exemplo, dobrouse a expresión «You talk fine» como «Hablas de puta madre». Aínda que o subtítulo é literal («Hablas bien»), a versión dobrada achégase máis ao rexistro coloquial da lingua de chegada, xa que é un modismo moi común na cultura hispanófono. Chama a atención o feito de que é unha expresión cun claro matiz sexista e que quen a usa é xustamente unha muller, o que demostra que certas imaxes retortas sobre a feminidade pasan desapercibidas para calquera persoa, independentemente do seu sexo.

Outros exemplos de traducións non literais, mais que se xustifican como modismos comúns na lingua de chegada son os seguintes⁶:

Juego de Tronos: «You are a fucking bastard», «(Eres un) hijo de puta».

Top Gear: «Do not be such a pussy», «No seas nenaza».

PROPOSTA DE TRABAJO

- a) Cres que a actividade da tradución ten que contribuír á construción dun mundo máis igualitario?
- b) Como cres que se debe formular a tradución para contribuír a que a sociedade sexa máis igualitaria?

⁶ Fuentes-Luque, Adrián (2015). «El Lenguaje tabú en la traducción audiovisual: límites lingüísticos, culturales y sociales». *E-Aesla*, 1. <https://bit.ly/398LvTd>

- c) Presenta cinco exemplos de tradución reais ou inventados que creas que poden contribuír a non reproducir visións sexistas, androcéntricas e heteronormativas da sociedade.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE

- a) Ser capaz de detectar casos de tradución ofensiva e/ou discriminatoria por razón de xénero.
- b) Ser capaz de propoñer formas alternativas de tradución que non sexan ofensivas nin discriminatorias por razón de xénero.
- c) Ser capaz de avaliar os posibles efectos sociocognitivos das formas alternativas propostas e tomar decisións consecuentes.

•• 05. Recursos docentes

Nos apartados anteriores insistimos en mostrar que a linguaxe é o instrumento mediante o cal os humanos accedemos ao mundo. Xa que logo, trátase do vehículo que nos permite elaborar coñecemento e interactuar coa contorna. Por esta razón dicimos que ten un valor transversal e que o uso que facemos dela afecta ás distintas materias. En canto a como empregar unha linguaxe sensible ao xénero, servizos e gabinetes lingüísticos, institucións como o Instituto Catalán das Mulleres ou o Instituto da Muller, e estudosas do tema como Eulàlia Lledó, fixeron recomendacións varias sobre como e cando usar formas xenéricas e formas dobres; como referirse a persoas concretas e a persoas indeterminadas; a selección léxica; formas de redacción e de interacción etc. A continuación engadimos algunhas.

Perspectiva lingüística

Propostas de Eulàlia Lledó

<https://bit.ly/2tyoJ76>

Propostas da Universidade Politécnica de Cataluña

<https://bit.ly/38TvGzW>

Propostas da Universidade Autónoma de Barcelona

<https://bit.ly/36Rzgdg>

Propostas do Instituto da Muller

<https://bit.ly/2MabTIU>

PERSPECTIVA DISCURSIVA E EDUCATIVA

Reflexións e propostas da Universidade de Barcelona

<https://bit.ly/35CuHlj>

Reflexións e propostas da Universidade de Vic-Universidade Central de Cataluña

<https://bit.ly/2PBQmEP>

Reflexións e propostas da Universidade de Alacante

<https://bit.ly/2EyyowH>

Reflexiones e propostas da Netzwerk Frauen und Geschlechterforschung

<https://bit.ly/2S9BDma>

Reflexións e propostas da Universidade Autónoma de Barcelona

<https://bit.ly/2PYJGzK>

MATERIAIS AUDIOVISUAIS

Os materiais audiovisuais facilitannos a interpelación a diferentes niveis. As imaxes, como recursos semánticos, son moi poderosas e proporcionannos narrativas e contranarrativas desde formatos que adoitan ser atractivos para o alumnado.

UNIVERSITAT POMPEU FABRA (2016). *La perspectiva de gènere a la docència* [Vídeo]. <https://bit.ly/2PBsiBV>.

ALENDIA BROTHERS (2013). *The order of things. El orden de las cosas* [Vídeo]. <https://bit.ly/2so8Ky4>.

LASEXTA (2016a). *Así transcurre un taller de perspectiva de género y violencia de género - Salvados* [Vídeo]. <https://bit.ly/2Z1qghJ>.

LASEXTA (2016b). *Marina Marroquí: «Modificas cada cosa de tu vida por él, por no enfadarle» - Salvados* [Vídeo]. <https://bit.ly/2EAoScw>.

•• 06. Ensinar a facer buscas sensibles ao xénero

A sensibilización do alumnado no tocante aos temas de xénero é unha tarefa que se debe levar a cabo desde as diferentes materias que se cursan ao longo dos graos. Actualmente, nos graos de Tradución e de Linguas Aplicadas da Universidade Pompeu Fabra facémolo en dúas materias de 1.º curso e iremos ampliando materias progresivamente até o 4.º curso.

Dado que isto está en marcha, nestes momentos aínda non dispoñemos de resultados significativos. Si podemos, con todo, facilitar a listaxe de TFG e TFM que temos gardada. Esta listaxe de traballos realizados por estudantes do Departamento de Tradución e Ciencias da Linguaxe configura unha serie de exemplos de como se pode aplicar a perspectiva de xénero neste ámbito de estudo. Pode, así mesmo, servir de guía para docentes que queiran incentivar a perspectiva de xénero nos traballos do seu estudiantado.

Así pois, atopamos que a perspectiva de xénero na lingua pódese traballar desde unha vertente máis lingüístico-discursiva, tendo en conta os usos sexistas ou non sexistas da lingua, como se configuran e con que criterios, e que repercusións poden ter á hora de construír socialmente o xénero ou a sexualidade dunha persoa. A modo de exemplo, propoñemos os traballos que deseguido mencionamos:

TOMÁS, Mireia (2016). *Sexe, gènere i llengua: anàlisi del llenguatge de la CUP*. Trballo de fin de grao. Grao de Linguas Aplicadas da Universidade Pompeu Fabra. <https://bit.ly/2QojW5V>.

